



Suevos - Coiro - Mazaricos, 1979-01

Informantes: veciña de Suevos (90)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

Eu cantar non sei cantar-e
e cansión non sei nincunha.

Pequeniña me quedei-e,
nasida no mes d'agosto
coa seca non medrei-e.

Vilariño está no alto,
Fonte Mourente na costa,
amar a quen non me ama
muito traballo me costa.

No lugar de Vilariño
cantos corvos hai no mundo,
alí van fase-lo niño.

Quen se casa se ben ve
quen aqui unha,
mosa, qu'estaba solteira.
Non te cases en tu vida.

Eu caseime por un ano
por saber que vida era,
i-o ano vais' acabando,
solteira quen che me dera.

Heime de casar est'ano
anque sea cun ben probe,
que todo o mundo fai bulra
da muller que non tén home.

Heime de casar est'ano
cun home pequerrechiño
con media vara de pano
fágholl'un pantalonsiño.

Eu cantar non sei cantar
e bailar non sei dar voltas,
teño d'aprender aghora
cun ghalán da miña porta.

Olvidástesm' olvideiche,

Audio de procedencia: MPG_SchSa_0033_003_en_Mazaricos_I_1_345



nada che quedei debendo,
déstesme carta de pagho,
recibo che dei correndo.

O corasón e os ollos
son dous amores leales,
cand'o carasón ten pena
os ollos dan os señales.

Olvidástesme por pobre
i eu a ti por poucas falas
i ahora, meu queridiño,
mírasme polas espaldas.

/:Ollos vin, ollos mirei:/
com'os do meu queridiño
inda non os encontrei.

Se soupiera que cantando
te había de convertir,
cantara toda la noche
y dejara de dormir-e.

Que te quiero bien lo sabes
que te olvido lo conoses
si l'ocasión lo premite
no se me da que te anojes.

Amante mío del alma,
te voy pedir un favor
que aghuardes por mí un año
por ver s'hay otro mejor-e.